

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 12/09/2017**

3. Mocións.....	3
3.1 10/MOC-000040 (0012379).....	3
(0012379) Entrada da iniciativa.....	4
(0016017) Emendas dos grupos parlamentarios .....	7
(0016064) Emendas dos grupos parlamentarios .....	8
3.2 10/MOC-000042 (0012687).....	9
(0012687) Entrada da iniciativa.....	10
(0016058) Emendas dos grupos parlamentarios .....	13
(0016062) Emendas dos grupos parlamentarios .....	15
3.3 10/MOC-000043 (0012711).....	17
(0012711) Entrada da iniciativa.....	18
(0016057) Emendas dos grupos parlamentarios .....	20
(0016063) Emendas dos grupos parlamentarios .....	23
3.4 10/MOC-000044 (0012727).....	25
(0012727) Entrada da iniciativa.....	26
(0016037) Emendas dos grupos parlamentarios .....	28
4. Proposicións non de lei ante o pleno.....	30
4.1 10/PNP-001032 (0011042).....	30
(0011042) Entrada da iniciativa.....	31
(0016040) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	33
4.2 10/PNP-001041 (0011104).....	35
(0011104) Entrada da iniciativa.....	36
(0016056) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	40
4.4 10/PNP-001145 (0013602).....	42
(0013602) Entrada da iniciativa.....	43
(0016060) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	46
4.6 10/PNP-001155 (0013811).....	48
(0013811) Entrada da iniciativa.....	49
(0016038) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	52
(0016059) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	54
(0016067) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	55
4.7 10/PNP-001171 (0014332).....	57
(0014332) Entrada da iniciativa.....	58
(0016065) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	62
4.8 10/PNP-001172 (0014333).....	63
(0014333) Entrada da iniciativa.....	64
(0016066) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	72

### **3. MOCIÓN.**

#### **3.1 10/MOC-000040 (0012379)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil  
Fernández

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co desmantelamento dos servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego (Moción a consecuencia da Interpelación nº 6953, publicada no BOPG nº 92, do 29.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 11.07.2017)



(0012379) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/07/2017 12:59**  
**Nº Rexistro: 12379**  
 Data envío: 13/07/2017 12:59:19.119

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 11 de xullo, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co desmantelamento de servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego (doc. núm. **6953**, [10/INT-000285]).

### Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar os traballos do grupo de traballo arredor do servizo ferroviario de ancho métrico constituído polas Alcaldías das comarcas da Mariña, Ortegal e Ferrolterra; representantes de Renfe e da Consellaría de Infraestruturas.

2. No marco dese grupo de traballo e en colaboración e diálogo coas alcaldías e a Plataforma pola defensa do ferrocarril Ribadeo-Ferrol a:

2.1. Exixir a Renfe a reparación integral e a reforma de todas as unidades que actualmente compoñen a frota para eliminar os problemas de fabricación nas unidades 2700 e 2900 xunto con aqueles detectados nas unidades 2400.

2.2. Reclamar a Renfe a dotación do persoal e medios necesarios para garantir o correcto funcionamento do servizo, quer no referido aos talleres e reparación das máquinas, quer maquinistas e interventores.



REGISTRADO  
BNG-170441112  
04/10/05

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/07/2017 12:59**  
**Nº Rexistro: 12379**  
Data envío: 13/07/2017 12:59:19.119

2.3. Elaborar un novo deseño do servizo para axustalo ás dinámicas sociais existentes no territorio e ás necesidades da poboación baseándose nos horarios vixentes e na proposta formulada pola Plataforma pola defensa do ferrocarril Ferrol-Ribadeo.

2.4. Diseñar unha política de mobilidade baseada na intermodalidade que complemente o servizo do ferrocarril de ancho métrico cunha oferta de transporte por estrada (autobús) que interconecte apeadeiros e estacións con outros núcleos, centros ou servizos.

2.5. Reclamar a creación dunha división de mercadorías na Galiza con persoal e medios suficientes para a captación de transportes e a súa execución.

2.6. Desenvolver un plan para a creación de novas zonas e vías de carga que faciliten e promovan o transporte de mercadorías por ferrocarril a comezar pola confluencia da liña coa factoría de Alcoa en San Cibrao e a futura chegada do ancho métrico aos portos interior e exterior de Ferrol.

3. Reclamar ao Goberno do Estado español a transferencia dos servizos ferroviarios de ancho métrico que pasarán a ser xestionados por un ente público galego que abranxa tanto a operación dos servizos (mercadorías e viaxeiros) como das infraestruturas.”

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



REGISTRO  
PARLAMENTO DE GALICIA  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/07/2017 12:59**  
**Nº Rexistro: 12379**  
Data envío: 13/07/2017 12:59:19.119

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/07/2017 12:58:18**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/07/2017 12:58:24**

(0016017) Emendas dos grupos parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/09/2017 16:30  
Nº Rexistro: 16017  
Data envío: 11/09/2017 16:23:41.848



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á **Moción** do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co desmantelamento dos servizos ferroviarios Renfe-Feve no territorio galego (10/MOC-000040), doc. núm. 12370).

**Emenda de adición.**

Engadir un novo parágrafo 2.bis, que quedará redactado co seguinte contido:

“2. bis Promover conxuntamente coa Administración xeral do Estado e co resto da comunidades autónomas de Renfe-Feve (ademais de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e Castela-León), a coordinación activa para a potenciación e mellora dos seus servizos.

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2017

Asdo.: Raúl Fernández Fernández  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Raúl Fernández Fernández na data 11/09/2017 16:19:10**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/09/2017 16:19:24**

## (0016064) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/09/2017 18:16  
Nº Rexistro: 16064  
Data envío: 11/09/2017 18:16:45.746

### A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á Moción** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, **10/MOC-000040 (12379)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co desmantelamento dos servizos ferroviarios **Renfe-Feve** no territorio galego (Moción a consecuencia da Interpelación nº 6953, publicada no BOPG nº 92, do 29.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 11.07.2017).

### Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Impulsar os traballos do grupo de traballo arredor do servizo ferroviario de ancho métrico constituído polas alcaldías das comarcas da Mariña, Ortegal e Ferrolterra; representantes de Renfe e da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
2. Facer oportuno seguimento das actuacións e medidas que se adopten no marco deste grupo de traballo acordado de cara a garantir o seu cumprimento por parte de Renfe e lograr a prestación dun mellor servizo ferroviario aos cidadáns”.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 11/09/2017 17:50:24**

**Martín Fernández Prado na data 11/09/2017 17:50:37**



### **3.2 10/MOC-000042 (0012687)**

Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda  
Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa política en materia de ensino no medio rural (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1468, publicada no BOPG nº 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 11.07.2017)

(0012687) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO



O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu portavoz e por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción**, para substanciar a Interpelación, doc. nº 1468 (10/INT-000054), sobre a política do Goberno en materia de ensino no medio rural, que foi tratada na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2017.

### MOCIÓN

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Garantir o dereito a unha educación pública de calidade no medio rural, constituíndo unha **Comisión de Estudo** na que teñan participación os representantes dos traballadores/as do ensino, a Mesa Galega de Educación no Rural, NEG, representantes das ANPAS, mestres/as, educadores/as sociais, sociólogos/as, pedagogos/as, profesores/as das USC e organizacións e colectivos sociais implicados, para paliar o desequilibrio territorial.
2. Desenvolver un **Plan específico de ensino rural** que considere a importancia dos centros educativos do rural e da montaña como servizos básicos necesarios para a fixación de poboación. Que teña en conta os múltiples modelos existentes: escolas unitarias, CRA, CPI, CEIP, IES. Que inclúa previsións sociodemográficas a medio prazo antes de realizar peches de centros. Que inclúa un plan de formación específica para o



profesorado e conte cun equipo interdisciplinar aberto para a elaboración do anteproxecto.

3. Crear os **Centros Rurais de Investigación Educativa (CRIE)**, espazos educativos con ampla experiencia e recoñecemento pedagóxico en apoio á **socialización** e á aprendizaxe. Eses Centros, xa existentes noutras comunidades, están dirixidos a fomentar a innovación, a colaboración, a investigación, a formación e o desenvolvemento da escola rural como referente educativo. Asemade, facilitan a **convivencia do alumnado e o profesorado** e subministran recursos educativos ás pequenas escolas da Comunidade.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/07/2017 12:55:13**

**Luca Chao Pérez na data 14/07/2017 12:55:38**



Luis Villares Naveira na data 14/07/2017 12:55:52



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/07/2017 13:10**  
**Nº Rexistro: 12687**  
Data envío: 14/07/2017 13:10:19.297

(0016058) Emendas dos grupos parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **12687 [10/MOC-000042]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa política en materia de ensino no medio rural, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de setembro de 2017.

**Emenda de substitución**

Proponse substituír o texto da moción polo seguinte:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1- Parar o peche e precarización dos centros educativos rurais respectando a máxima de que a garantía dos dereitos educativos da poboación primará sempre por riba dos criterios economicistas.

2- Garantir o dereito a unha educación pública de calidade no medio rural, constituíndo unha **Comisión de Estudo** na que teñan participación os representantes dos traballadores/as do ensino, a Mesa Galega de Educación no Rural, NEG, ASPG, representantes das ANPAS, mestres/as, educadores/as sociais, sociólogos/as, pedagogos/as, profesores/as das USC e organizacións e colectivos sociais implicados, para chegaren a unha diagnose das carencias estruturais que levan á cuase desaparición do tecido económico-social no rural.



REGISTRADO  
BNG-170414112  
04/10/05

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/09/2017 17:40**  
**Nº Rexistro: 16058**  
Data envío: 11/09/2017 17:40:27.312

3- Desenvolver un **plan específico de formación do profesorado** para que a súa incidencia nos centros educativos actuais e futuros do rural sexa cooperadora na necesaria recuperación que, si ou si, haberá que poñer en marcha.

4- Elaborar un **Plan Integral de Recuperación e Dinamización do Rural** que, ademais de aborda-la complexa problemática xeral do medio rural e diseña-las medidas correctoras necesarias, conte como pezas fundamentais neste labor, cos centros educativos existentes potenciando a súa modernización.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2017 17:21:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 17:21:38**



## (0016062) Emendas dos grupos parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO



O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez** e **Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda de Modificación á Moción do Grupo Parlamentar de En Marea, doc. núm.12687 (10/MOC-000042), sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa política en materia de ensino no medio rural, incluída na orde do día da sesión plenaria do 12 de setembro de 2017.

### Emenda de Modificación

Débese substituír o texto do punto 2 da Moción polo seguinte:

#### 2. Desenvolver un plan específico do ensino rural que inclúa, cando menos:

- a. A importancia dos centros educativos do rural e da montaña como servizos básicos necesarios para a fixación de poboación
- b. A consideración dos múltiples modelos existentes: escolas unitarias, CRA, CPI, CEIP, IES
- c. As previsións sociodemográficas a medio prazo antes de realizar o peche dun centro.
- d. Diminución da ratio mínima nos centros do rural ata os 3 alumnos e alumnas
- e. Cobertura de postos de especialistas nos centros do rural para evitar o menoscabo na calidade educativa
- f. Un programa de estabilización do profesorado no rural mediante incentivos.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/09/2017 17:48  
Nº Rexistro: 16062  
Data envío: 11/09/2017 17:48:28.756



- g. Un plan de formación específica para o profesorado no rural de xeito que se aproveiten as potencialidades deste modelo educativo

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ángeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 11/09/2017 17:47:07**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/09/2017 17:47:15**

**Luis Villares Naveira na data 11/09/2017 17:47:29**



### **3.3 10/MOC-000043 (0012711)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Xoaquín María Fernández Leiceaga

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial (Moción a consecuencia da Interpelación nº 7198, publicada no BOPG nº 96, do 05.04.2017, e debatida na sesión plenaria do 11.07.2017)



## (0012711) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión Plenaria celebrada o día 11 de xullo de 2017, sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial (10/INT-000298, doc. núm. 7198).

### Moción


O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o inicio dun proceso de diálogo coas comunidades autónomas para a reforma legal do Fondo de Compensación Interterritorial, de xeito que a nova regulación contemple:

1. A transformación do actual FCI (Fondo xeral e Fondo complementario) nun instrumento potente de desenvolvemento rexional que poida compensar a eventual perda de fondos europeos a partir do seguinte período de programación, apostando por un Fondo Interrexional de Desenvolvemento (FIDE).
2. O incremento substancial do volume de recursos a aplicar ao novo Fondo, de xeito que multiplique, cando menos por 5, a media dos últimos tres anos.
3. A consideración do gasto non financeiro da Administración Xeral do Estado como base de cálculo, para elevar a estabilidade dinámica (reducir a variabilidade cíclica) do novo fondo.
4. O criterio de selección das comunidades beneficiarias, que debe ser o nivel de renda por habitante inferior ao promedio español.
5. Unha reconsideración dos criterios de asignación dos recursos do novo fondo entre as comunidades beneficiarias, que manteña un compoñente redistributivo (poboación ponderada pola inversa do nivel relativo da renda por habitante de cada comunidade) e un compoñente distributivo en función de criterios de custe e necesidade.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/07/2017 13:39**  
**Nº Rexistro: 12711**  
Data envío: 14/07/2017 13:39:16.921



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

6. Inserir o novo fondo nunha estratexia de desenvolvemento proposta por cada Comunidade Autónoma e acordada globalmente, o que implica unha programación plurianual e un uso dos recursos orientado a resultados.
7. Incorporar unha ferramenta de avaliación ex ante e ex-post dos programas en que se concreta a estratexia de cada Comunidade.

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
 Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/07/2017 13:28:24**



(0016057) Emendas dos grupos parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **12711 [10/MOC-000043]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de setembro de 2017.

#### Emenda de modificación

Proponse modificar os seguintes puntos:

-Modificación do punto 1, quedando redactado como segue:

“1. A transformación do actual FCI (Fondo xeral e fondo complementario) nun instrumento real de desenvolvemento cuxos obxectivos se verifiquen na próxima década, revertendo o incumprimento para con Galiza desde a súa creación.”

-Modificación do punto 2, quedando redactado como segue:



REGISTRADO  
BNG-170414173  
9451000

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/09/2017 17:40**  
**Nº Rexistro: 16057**  
Data envío: 11/09/2017 17:40:19.421

“2. O incremento substancial do volume de recursos a aplicar no Fondo, marcándose como obxectivo que Galiza non reciba menos do 5% dos gastos non financeiros liquidados.”

-Modificación do punto 6, quedando redactado como segue:

“6. Incluír nas modificacións a obrigatoriedade dunha estratexia de desenvolvemento proposta por cada Comunidade Autónoma, acordada nos respectivos Parlamentos e suxeita a programas específicos que conteñan as actuacións e medidas concretas.”

-Modificación do punto 7, quedando redactado como segue:

“7. Incorporar unha ferramenta de avaliación non externalizada ex ante e ex post dos programas en que se concreta a estratexia de cada comunidade.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



REGISTRADO  
BNG-170444172  
04/10/09

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/09/2017 17:40**  
**Nº Rexistro: 16057**  
Data envío: 11/09/2017 17:40:19.421

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2017 17:20:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 17:20:58**



## (0016063) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/09/2017 18:16  
Nº Rexistro: 16063  
Data envío: 11/09/2017 18:16:28.668

### A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado José González Vázquez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 10/MOC-000043 (12711), “Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial (Moción a consecuencia da Interpelación nº 7198, publicada no BOPG nº 96, do 05.04.2017, e debatida na sesión plenaria do 11.07.2017).”

### Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, unha vez concluída a reforma do sistema de financiamento actualmente en proceso, demande do Goberno de España o inicio dun proceso de diálogo coas comunidades autónomas para a reforma legal do Fondo de Compensación Interterritorial, de xeito que a nova regulación contemple:

1. A transformación do actual FCI (Fondo xeral e Fondo complementario) nun instrumento potente e efectivo de desenvolvemento rexional.
2. O incremento substancial do volume de recursos a aplicar ao novo Fondo, de xeito que se estableza nunha porcentaxe do PIB que permita alcanzar inicialmente as dotacións previas á crise económica.
3. A consideración do gasto non financeiro da Administración Xeral do Estado como base de cálculo, para elevar a estabilidade dinámica (reducir a variabilidade cíclica) do novo fondo.
4. O criterio de selección das comunidades beneficiarias, que debe ser o nivel de renda por habitante inferior ao promedio español.
5. Unha reconsideración dos criterios de asignación dos recursos do novo fondo entre as comunidades beneficiarias, que manteña unha compoñente redistributiva (poboación ponderada pola inversa do nivel relativo da renda por habitante de cada

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/09/2017 18:16  
Nº Rexistro: 16063  
Data envío: 11/09/2017 18:16:28.668

comunidade) e unha compoñente distributiva, determinada fundamentalmente en función de variables territoriais que reflicten o asentamento poboacional, e, subsidiariamente, considere outros factores que condicionen o desenvolvemento económico e social.

6. O Consello de Política Fiscal e Financeira establecerá as grandes liñas estratéxicas de actuación ás que se dirixirá o novo fondo, que serán recollidas na planificación estratéxica das ccaa destinatarias do mesmo.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 11/09/2017 17:54:04**

**José González Vázquez na data 11/09/2017 17:54:15**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





### **3.4 10/MOC-000044 (0012727)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario (Moción a consecuencia da Interpelación nº 10071, publicada no BOPG nº 128, do 14.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 11.07.2017)

(0012727) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión Plenaria celebrada o día 11 de xullo de 2017, sobre a política do Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario (10/INT-000428, doc. núm. 10071)

### Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver unha intensa campaña de concienciación sobre a base científica e rigorosa das disciplinas afectadas polo intrusismo, e a desmitificación das supostas técnicas e terapias alternativas non fundamentadas, alertando dos riscos para o e a paciente.
2. Dotar ao corpo de inspectores/as médicos/as dos recursos precisos, persoais e materiais, para poder continuar a exercer a súa labor, con máis e mellores posibilidades nas tarefas de seguimento e control das entidades privadas e os labores que nela se realizan, e que estes se baseen en criterios científicos e avalados.
3. Colaborar activamente cos colexios profesionais na defensa das súas profesións e na loita contra o intrusismo profesional.
4. Garantir que os procesos de concesións de axudas, subvencións e programas de apoio a proxectos empresariais non sirvan para reforzar ou avalar negocios fundamentados en prácticas que poidan ser consideradas de intrusismo.

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela na data 14/07/2017 14:19:47**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/07/2017 14:19:53**

(0016037) Emendas dos grupos parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, a través da súa deputada, **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Moción doc. núm. 12727, presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co intrusismo profesional no ámbito sanitario, que está incluída na orde do día da sesión plenaria do 12 de setembro de 2017. **(10/MOC-000044)**.

**EMENDA DE ENGÁDEGA**

Débese engadir no punto 2, despois de “...e os labores que nela se realizan”, o seguinte: “...*así como a publicidade do servizo das mesmas*,...”.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/09/2017 17:08**  
**Nº Rexistro: 16037**  
Data envío: 11/09/2017 17:08:39.103

**Eva Solla Fernández na data 11/09/2017 17:07:34**

**Luis Villares Naveira na data 11/09/2017 17:07:37**

#### **4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.**

##### **4.1 10/PNP-001032 (0011042)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Xoaquín María Fernández Leiceaga

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Raúl Fernández Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte público de viaxeiros por estrada de uso xeral

(0011042) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, do deputado **Raúl Fernández Fernández** e da deputada **María Luisa Pierres López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

### Exposición de motivos

Faise necesario abordar con máis recursos, cun maior diálogo e con procedementos obxectivos que xeren o máis amplo consenso posible, o conflito xerado pola Xunta de Galicia en relación ás concesións de liñas de transporte público de persoas viaxeiras por estrada. Non se pode abordar esta cuestión cunha situación de “enroque” tal e como está a adoptar a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, empeñada en rexeitar o diálogo que si lle están reclamando axentes do sector e afondando polo tanto nunha situación de conflito, improvisación e discrecionalidade.

O que non se pode é poñer en risco o sistema de transporte escolar, que ata o momento funcionaba en xeral de xeito correcto, e modificalo por outro sen garantías de mellora para o futuro. A posible colaboración entre o transporte escolar e regular de viaxeiros en xeral debe seguir intentándose, pero con consenso e sen conflito.

Aínda hai certo tempo si existe vontade política para buscar unha boa solución ao conflito creado dende o Goberno autonómico.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

En relación aos servizos de transporte de uso xeral por estrada da Comunidade Autónoma, o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- a) Abrir unha Mesa de diálogo e participación, onde estean representados os sindicatos, os concellos, as organizacións empresariais, as Anpas, e o transporte metropolitano, cara á definición dun novo modelo e do mapa concesional de Galicia.



 Grupo Parlamentario

- b) Proceder a un aumento significativo das partidas orzamentarias necesarias para acadar a mellora desta modalidade de transporte público.
- c) Presentar na Cámara galega a proposta do novo plan de transportes, tramitándose de acordo ao artigo 142 do Regulamento.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/06/2017 17:52:38**

**Raúl Fernández Fernández na data 26/06/2017 17:52:43**

**María Luisa Pierres López na data 26/06/2017 17:52:47**





## (0016040) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **11042 [10/PNP-001032]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte público de viaxeiros por estrada de uso xeral, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 12 de setembro de 2017.

### Emenda de adición

Proponse engadir tres novos apartados co seguinte texto:

“d) encargar un informe externo sobre o proceso de implantación do novo plan de transporte, recollendo información de todas institucións e sectores sociais implicados.

e) facilitar aos grupos parlamentares e ás empresas licitadoras que o demanden os expedientes dos novos contratos.



REGISTRADO  
BNG-170414173  
04/10/2015

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/09/2017 17:13**  
**Nº Rexistro: 16040**  
Data envío: 11/09/2017 17:13:42.857

f) revisar a decisión de suprimir o transporte escolar naqueles casos en que se produciu a integración en liñas regulares, e promover como alternativa o sistema Tes+bus.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 16:43:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 16:43:52**

#### **4.2 10/PNP-001041 (0011104)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María de la Concepción Burgo López

Sobre a posta en funcionamento polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros, de xeito que se garanta de forma efectiva a igualdade de oportunidades a toda a poboación de Galicia

(0011104) Entrada da iniciativa



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A promulgación da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE) ano ano 1990 e a súa implantación ao longo da década dos anos noventa do século pasado, trouxo consigo, entre outras cousas, a necesidade de reorganizar a rede de centros da nosa Comunidade Autónoma.

Se partía dunha estrutura de ensinanzas derivada da Lei xeral de educación do ano 1970 con ensinanzas de Educación Xeral Básica (EXB) e as etapas posteriores, o bacharelato unificado polivalente (BUP) e a Formación Profesional de 1º grao (FP 1) que foi necesario acomodar á Educación Primaria e á Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

Tamén se partía dunha rede de centros que impartían as ensinanzas existentes e que debeu adecuarse ás novas etapas, o que supuxo o traslado dos alumnos dos cursos 7º e 8º de EXB á centros de ensinanza secundaria para cursar os equivalentes de 1º e 2º da ESO, que xunto con 3º e 4º desta mesma etapa pasaron a ser obrigatorios.

Na nosa Comunidade Autónoma creouse un novo tipo de centros, os centros públicos integrados (CPI) que, na súa concepción inicial, tiñan como obxectivo evitar longos traslados do alumnado de zona rurais, de modo que as ensinanzas obrigatorias se cursasen por completo no que antes eran centros de EXB.

O Goberno da Comunidade Autónoma tomou naquel momento a decisión de elaborar un extenso e detallado documento de planificación coñecido como a Rede de Centros, na que se establecían os centros existentes e os de nova creación, así como a adscrición entre eles, xunto co número de unidades necesarias para a efectiva escolarización do alumnado.



 Grupo Parlamentario

Ademais, reguláronse, coa necesaria negociación cos representantes do profesorado, os postos de traballo para os distintos corpos docentes o que deu lugar aos correspondentes procesos de adscrición.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Todos os procesos que, moi basicamente se acaban de describir, tiveron un elemento fundamental que os caracterizou: o diálogo.

Dende entón téñense producido moitos cambios, tanto demográficos como lexislativos, sobre todo no que á oferta de titulacións de formación profesional se refire.

A grave crise demográfica, que afecta fundamentalmente ao mundo rural, ten o seu reflexo no feito de que no ano 1998 había en Galicia 28.589 alumnos e alumnas de 12 anos, que é a idade de inicio da educación secundaria obrigatoria, e no ano 2016 esa cifra descendeu ata os 22.058.

A perda de alumnado e a conseguinte redución de unidades nos centros, incluso o peche dalgún deles, dá lugar a situacións graves que deberan ser corrixiadas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, polo menos, nas seguintes evidencias:

1º) A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario.

2º) A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e por tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.



#### Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por outra banda, non podemos facer abstracción da actual realidade educativa no relativo á formación profesional e á necesidade de que, na máxima medida do posible, a oferta se adecúe ao contexto produtivo dos centros. En boa medida, a actual oferta é unha herdanza das ensinanzas preexistentes da formación profesional de primeiro e segundo grao correspondentes á xa mencionada Lei xeral de educación de 1970.

O anterior ten suposto a extinción de ensinanzas por falta de alumnado interesado en cursalas, o que se produce porque esas ensinanzas formaban alumnado para o desempeño de profesións innecesarias no entorno deses centros.

Por último, nas últimas datas téñense producido anuncios por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que supoñen, unha vez máis, unha modificación de feito da rede de centros sen a máis mínima participación da comunidade educativa.

Esa realidade, que non é exclusiva deste curso se non que é unha constante na traxectoria da Consellería, non foi acompañada das explicacións necesarias nin ten, polo tanto, garantía de que se teña actuado con criterios obxectivos, uniformes e coherentes, que deberían ser piares básicos en actuacións tan sensíbles para o futuro.

Este grupo parlamentario entende que ten chegado o momento de facer unha planificación seria, obxectiva, que conte co necesario consenso, que forneza a oferta pública, con particular intensidade no mundo rural, que dote de estabilidade o sistema educativo da nosa Comunidade Autónoma e que, en definitiva, se faga con perspectiva de País; unha política na que se fundamenten as decisións que se deban tomar e que, á súa vez, impida actuacións unilaterais do Goberno.

Polos motivos expostos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer, de xeito inmediato, en funcionamento os mecanismos precisos para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros de xeito que se garantan de forma efectiva a igualdade de oportunidades de toda a poboación da nosa Comunidade Autónoma, incluíndo nela todos os criterios e extremos necesarios para acadar a dita igualdade.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/06/2017 18:20:52**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 27/06/2017 18:21:04**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2017 18:21:16**



## (0016056) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **11104 [10/PNP-001041]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en funcionamento polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros, de xeito que se garanta de forma efectiva a igualdade de oportunidades a toda a poboación de Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 12 de setembro de 2017.

### Emenda de substitución

Propónse substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a aplicar unha moratoria que evite a extinción, reorganización ou peche de centros de ensino público e a pór en funcionamento, de maneira inmediata, os mecanismos precisos para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros de xeito que se garantan de forma efectiva a igualdade de oportunidades de toda a poboación galega, especialmente no rural, incluíndo nelas todos os criterios e extremos precisos para acadar a devandita igualdade.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017





REGISTRADO  
BNG-1704041712  
04/10/2017

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/09/2017 17:40**  
**Nº Rexistro: 16056**  
Data envío: 11/09/2017 17:40:11.328

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2017 17:14:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 17:14:28**

#### **4.4 10/PNP-001145 (0013602)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para promover a formación das persoas desempregadas a través do "cheque formación"

(0013602) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/08/2017 13:17  
Nº Rexistro: 13602  
Data envío: 03/08/2017 13:17:51.536

### A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Nun contexto de recuperación económica e crecemento, unha das preocupacións fundamentais desde as diferentes administracións debe ser a de favorecer a creación de emprego da maior calidade posible. Para isto, é necesario que os traballadores que se incorporen ao mercado laboral o fagan cos perfís mellor adaptados ao que este demande en cada momento.

Nesta adaptación xoga un papel central a formación, segundo as competencias que os empregadores demandan para os novos empregos e a que as persoas que buscan un traballo consideren que mellor poden reforzar as súas capacidades profesionais.

Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos fundamental avanzar na actualización e na renovación do sistema de formación, para que sexa axeitado ás necesidades das empresas; para poder facer efectivo o dereito dos traballadores á súa formación; e para poder avaliar todo o sistema en función dos resultados acadados.

En definitiva, hai que potenciar a liberdade na oferta e na demanda de formación e na satisfacción das necesidades do mercado, con especial atención aos sectores emerxentes da nosa economía, á simplificación dos custes e á certificación das competencias adquiridas. Así o recolleu o noso partido no programa electoral co que acadou un respaldo maioritario nas urnas nas últimas eleccións autonómicas.

No mesmo sentido, en setembro de 2015, as Cortes aprobaron, cun 90% de respaldo parlamentario, a Ley 30/2015 que regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no eido laboral e que establece que os Servizos Públicos competentes poderán, como alternativa ao financiamento das convocatorias a través de subvencións, proporcionar un “cheque-formación” aos traballadores desempregados. O desenvolvemento regulamentario, aprobado por Real decreto o pasado 3 de xullo,



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/08/2017 13:17  
Nº Rexistro: 13602  
Data envío: 03/08/2017 13:17:51.536

habilita a adopción por parte das Comunidades Autónomas desta ferramenta desde a súa publicación.

Segundo o exposto naquel momento, as Comunidades Autónomas que queiran poñer en marcha o cheque formación poderán facelo sempre que realicen a consulta ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas, delimiten os sectores nos que se aplicará e informen á Conferencia Sectorial de Empleo y Asuntos Laborales.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a introducir o cheque formación, para que as persoas traballadoras desempregadas dispoñan dun crédito de formación, escollan a formación que queren recibir e a entidade na que queren que se imparta”.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 03/08/2017 13:16:02**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/08/2017 13:16:10**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 03/08/2017 13:16:18**

**María Ángeles García Míguez na data 03/08/2017 13:16:24**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/08/2017 13:16:31**

**Marta Rodríguez Arias na data 03/08/2017 13:16:37**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 03/08/2017 13:16:45**

**María Soraya Salorio Porral na data 03/08/2017 13:16:55**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/08/2017 13:17**  
**Nº Rexistro: 13602**  
Data envío: 03/08/2017 13:17:51.536

**Raquel Arias Rodríguez na data 03/08/2017 13:17:00**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

## (0016060) Emendas dos Grupos Parlamentarios



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para promover a formación das persoas desempregadas a través do “cheque formación” (doc. núm. 13602).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Suprimir todas as bonificacións á contratación, salvo as dedicadas ás persoas con discapacidade en risco de exclusión social ou vítimas de violencia machista, e destinar o investimento, que actualmente recibe, á formación para o emprego.

2º) Poñer en marcha un programa para a reinserción formativa da mocidade que abandonou o sistema educativo sen a titulación de ESO, e que non traballan, cuxo obxectivo sexa o de ofrecerlles a posibilidade de se acreditanen en competencias crave de nivel 2 imprescindibles para optar á especialización formativa nun prazo de 6 meses.

3º) Establecer plans e programas de formación e reciclaxe no marco das políticas activas de emprego que faciliten o acceso das mulleres a eles. Promover políticas activas de acceso ao emprego e á mellora da cualificación profesional das mulleres en sectores, profesións e categorías nas que se atopen infrarrepresentadas, de maneira especial no campo das novas tecnoloxías e nos traballos emerxentes no novo modelo produtivo.

4º) Demandar do Goberno de España, previa negociación cos axentes sociais e as comunidades autónomas, no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, o deseño da planificación e estratexia do sistema de formación para o emprego, respectando sempre os principios que garantan o acceso universal, a prioridade dos colectivos máis desfavorecidos, a gratuidade



 Grupo Parlamentario

das accións, e unha formación de calidade que realmente contribúa á mellora das condicións para acceder a un emprego. Así mesmo asegurarse que se establezan mecanismos que garanten unha utilización eficiente dos recursos para evitar a fraude, e que se poida realizar un seguimento, control e avaliación.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 11/09/2017 17:39:50**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/09/2017 17:39:58**

#### **4.6 10/PNP-001155 (0013811)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro

Sobre as medidas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Xustiza para mellorar a organización xudicial





(0013811) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/08/2017 09:44  
Nº Rexistro: 13811  
Data envío: 08/08/2017 09:44:52.925

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, Paula Prado del Río, Ángeles García Miguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

### Exposición de motivos:

O Partido Popular no programa electoral co que se presentou as pasadas eleccións autonómicas, asumía o compromiso de conquistar unha Xustiza con medios do século XXI.

A pesar das dificultades orzamentarias, na pasada lexislatura, o goberno do Partido Popular foi quen de impulsar as infraestruturas xudiciais, así como outras cuestións importantes no eido da Xustiza como a revisión dos baremos de xustiza gratuíta e a mediación.

O obxectivo marcado para esta lexislatura é avanzar máis nas infraestruturas, na organización xudicial, na axilización da xustiza e na administración electrónica.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/08/2017 09:44  
**Nº Rexistro: 13811**  
Data envío: 08/08/2017 09:44:52.925

No marco da axilización da xustiza o compromiso do Partido Popular pasa por demandar do Ministerio de Xustiza a creación daquelas unidades xudiciais necesarias, e o reforzo dos órganos xudiciais nas xurisdicións necesitadas de apoio.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte  
**Proposición non de lei en Pleno:**

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar ao Ministerio de Xustiza que, canto antes, establezca o número de xulgados que lle corresponden a Galicia para 2018
- 2.- Asumir, apoiar e dotar de medios a todos os xulgados que o Ministerio de Xustiza asigne para Galicia”

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 08/08/2017 09:42:11**

**Paula Prado Del Río na data 08/08/2017 09:42:34**

**María Ángeles García Míguez na data 08/08/2017 09:42:51**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/08/2017 09:44  
**Nº Rexistro: 13811**  
Data envío: 08/08/2017 09:44:52.925

**María Isabel Novo Fariña na data 08/08/2017 09:43:03**

**César Manuel Fernández Gil na data 08/08/2017 09:43:16**

**Antonio Mouriño Villar na data 08/08/2017 09:43:23**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/08/2017 09:43:37**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 08/08/2017 09:43:53**

**Jacobo Moreira Ferro na data 08/08/2017 09:44:09**



## (0016038) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **13811 [10/PNP-001155]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as medidas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Xustiza para mellorar a organización xudicial, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 12 de setembro de 2017.

#### Emenda de substitución

Proponse substituír o punto 1 polo seguinte texto:

“1.- Apoiar, como proposta de mínimos, a demanda de novos xulgados e prazas de maxistrados/as formulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. E estudar outras demandas como a dun novo xulgado do social en Lugo e a creación de xulgados especializados en violencia de xénero.”

#### Emenda de adición

Proponse engadir dous novos puntos co seguinte texto:



REGISTRADO  
BNG-170414173  
04/10/2015

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/09/2017 17:13**  
**Nº Rexistro: 16038**  
Data envío: 11/09/2017 17:13:31.280

“3) realizar unha auditoría exterior e independente sobre a implantación da administración dixital na Xustiza, con especial atención aos problemas xerados polas plataformas informáticas.

4) solicitar ao Ministerio de Xustiza o incremento das partidas orzamentarias para substitucións de persoal por baixas ou vacacións, ou no seu defecto autorizar a utilización de créditos da seguinte anualidade.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2017 16:57:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2017 16:57:31**

(0016059) Emendas dos Grupos Parlamentarios



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre as medidas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Xustiza para mellorar a organización xudicial (doc. núm. 13811).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1º) Demandar do Goberno do Estado a creación, antes de que remate decembro de 2017, do número de órganos xurisdicionais necesarios para Galicia para 2018, é dicir, cando menos, un maxistrado na Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza, tres xulgados de Primeira Instancia (en Ourense, A Coruña e Vilagarcía de Arousa), tres xulgados do Social (na Coruña, Vigo e Santiago), un xulgado de Familia en Vigo, un xulgado do Mercantil en Ourense, e tres maxistrados nas audiencias provinciais (de Pontevedra -para a sección de Vigo-, Lugo e A Coruña).

2º) Asumir, apoiar e dotar de medios persoais e materiais a todos os órganos xurisdicionais que o Ministerio de Xustiza asigne para Galicia.

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 11/09/2017 17:37:46**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/09/2017 17:37:54**

(0016067) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento



O Grupo **O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa do seu voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Proposición non de lei, doc núm. 13811, do Grupo Popular que está incluída na orde do día da sesión plenaria do 12 de setembro de 2017. (10/PNP-0001155)

Emenda de Adición

Debese engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:

- Solicitar do Ministerio de Xustiza a creación de polo menos 8 xulgados novos correspondentes a Galicia.
- Adoptar todas as medidas para o restablecemento do sistema dos LEXNET.
- Dotar de máis recursos persoais e materiais aos xulgados para a contratación de xuízas substitutas e demais persoal.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/09/2017 18:29**  
**Nº Rexistro: 16067**  
Data envío: 11/09/2017 18:29:36.225

**Luis Villares Naveira na data 11/09/2017 18:29:15**



#### **4.7 10/PNP-001171 (0014332)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación do Pazo de Meirás, a Fundación Franco e a elaboración dunha lei galega de memoria histórica



(0014332) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/08/2017 11:11**  
**Nº Rexistro: 14332**  
 Data envío: 14/08/2017 11:11:41.636

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O anuncio da decisión de que a Fundación Franco xestione as visitas ao Pazo de Meirás constitúe un constituíe unha provocación, unha burla da lei de memoria histórica, unha ofensa a todas as vítimas do franquismo e do Ditador, e un escandaloso exemplo da impunidade con que se move quen fai apoloxía do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vergonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leve o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apoloxía da Ditadura e do ditador.

Estes feitos supoñen a constatación –por se non estaba suficientemente claro– da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergoña que supón que a familia Franco sexa aínda dona dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a converta nun parque temático de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería admisíbel que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?



Esta situación escandalosa e indignante é posíbel pola complicitade e a permisividade daquelas institucións do Estado que consenten, amparan e protexen a Illa de impunidad e o parque temático franquista en que se converteu o Pazo de Meirás.

Para rematar con esta ignominia e esta provocación, o BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Declarar a familia do Ditador e a Fundación Franco non gratas en Galiza.

2. Apoiar a proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada para que sexa este concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.

3. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador.

4. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.

5. Facer un chamamento a todas as institucións galegas para que se adhiran e apoien a iniciativa da Xunta en Pro da Devolución do Pazo de Meirás, da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os concellos de Sada e Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria



REGISTRADO  
BNG-720441712  
04/10/2015

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/08/2017 11:11  
**Nº Rexistro: 14332**  
Data envío: 14/08/2017 11:11:41.636

Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria. Prestar apoio técnico, xurídico e económica a esta iniciativa que ten como obxectivo que o Pazo de Meirás sexa un ben público.

6. Apoiar a elaboración e aprobación dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiba, persiga e sancione os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



REGISTRADO  
REPTOMANALIZA  
9451000

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/08/2017 11:11**  
**Nº Rexistro: 14332**  
Data envío: 14/08/2017 11:11:41.636

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/08/2017 10:42:30**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/08/2017 10:42:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/08/2017 10:42:40**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/08/2017 10:42:42**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/08/2017 10:42:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/08/2017 10:42:46**



## (0016065) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/09/2017 18:17  
Nº Rexistro: 16065  
Data envío: 11/09/2017 18:17:57.107

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte Emenda á Proposición Non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego “Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación do Pazo de Meirás, a Fundación Franco e a elaboración dunha lei galega de memoria histórica.”(10/PNP-001171(14332)).

### Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumíu no ano 1938”.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 11/09/2017 18:17:29**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

#### **4.8 10/PNP-001172 (0014333)**

Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda  
Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira  
Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García  
Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga  
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Vázquez Verao  
Grupo Parlamentario de En Marea - Magdalena Barahona Martín  
Grupo Parlamentario de En Marea - José Manuel Lago Peñas  
Grupo Parlamentario de En Marea - David Rodríguez Estévez  
Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández  
Grupo Parlamentario de En Marea - Juan José Merlo Lorenzo  
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quintero Araújo  
Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez  
Grupo Parlamentario de En Marea - Francisco Casal Vidal  
Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia con respecto ao acordo do Concello de Sada en relación coa xestión que se está realizando do BIC-Pazo de Meirás

(0014333) Entrada da iniciativa



### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA a través das súas deputadas e deputados **Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Magdalena Barahona Martín, Manuel Lago Peñas, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Luca Chao Pérez, Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

#### Exposición de motivos:

Primeiro.- A xestión das visitas ao BIC-Pazo de Meirás pola Fundación Nacional Francisco Franco que, de acordo cos seus propios Estatutos, ten como obxectivo o difundir o legado do ditador Francisco Franco, é unha vergoña nun país democrático ademais dunha ofensa ás vítimas da represión franquista.

Mesmo recentemente dita Fundación facía público un comunicado no que a Fundación dá a coñecer a asunción da xestión do réxime de visitas ao BIC e se reafirmaba nos obxectivos de enxalzar a figura de Franco e o Réxime franquista:

[http://www.fnff.es/Comunicado\\_El\\_Pazo\\_de\\_Meiras\\_3667\\_c.htm](http://www.fnff.es/Comunicado_El_Pazo_de_Meiras_3667_c.htm)

Noutros Estados da contorna serían hoxe impensables este tipo de fundacións, que estarían prohibidos por facer exaltación dunha ditadura que deixou miles de asasinadas froito dun golpe de estado contra a lexitimidade democrática





republicana vixente na época, e despois dunha guerra que deu paso a 40 anos de ditadura na que perderon a vida miles de persoas inocentes.

Segundo.- Existe constancia reiterada no tempo do incumprimento reiterado do réxime de visitas que legalmente se estableceu, recollida na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia para os Bens de Interese Cultural, que se teñen que facer cando menos 4 días ao mes, e da atención telefónica mediante un número que estivo desconectado durante meses, polos que a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural abriu un expediente á familia do ditador “propietaria” do mesmo con apercibimento de sanción, pola comisión dunha infracción administrativa en materia de patrimonio cultural, que será como máximo de 6000 euros.

A Xunta de Galicia non pode tolerar pasivamente a detención pola Fundación da xestión do réxime de visitas ao BIC. Moito menos cando lle consta a dita Xunta, e por escrito, e en varias ocasións, a disposición formal do Concello de Sada a asumir dita función.

Terceiro.- A memoria democrática deste país esixe que as vítimas obteñan memoria, xustiza, respecto, recoñecemento e reparación.

Reparación que non terá lugar mentres non se poña fin ao espolio que significou a adquisición por medio da ameaza, a extorsión e as presións, da propiedade do Pazo de Meirás polo Ditador, propiedade que segue a detentar os descendentes directos do Ditador.

A propiedade e desfrute do Pazo pola familia Franco supón detención, por título ilexítimo da súa causa e orixe, en canto resultado dun proceso de adquisición forzada e coactiva, fraudulentamente disfrazado en forma de doazón



e compra-venta, tal e como acreditan probas documentais e estudos de investigadores e historiadores. Dita detentación polos herdeiros de Franco supón unha ofensa para galegos e galegas, e supón un vestixio máis dos privilexios obtidos polo abuso da forza do réxime do terror.

Compre reparar a honra e a dignidade das persoas que foron roubadas e forzadas a ceder diñeiro e propiedades baixo risco de represalias por parte dunhas autoridades que non dubidaban en utilizar a violencia máis extrema.

Cuarto.- A modificación da Lei 52/2007, da Memoria Histórica, e da lexislación estatal de Fundacións debe ter como obxectivo común tanto un maior recoñecemento das vítimas da represión e a reparación e reversión compensadora dos efectos da mesma no primeiro caso como o impedimento legal para que fundacións como a Francisco Franco poidan impunemente e mesmo ao amparo da legalidade democrática divulgar, louvar e difundir o terror franquista, no segundo.

Obxectivo de modificación lexislativa que necesariamente debe contemplar as determinacións legais oportunas para que o Pazo de Meirás se incorpore ao patrimonio público, para a súa posta en valor asociada á memoria histórica, tal e como expresamente se prevé no PXOM de Sada, pendente de aprobación definitiva.

A loita e o obxectivo de que o Pazo de Meirás pase a formar parte do Patrimonio público como símbolo dos valores democráticos e da dignificación das vítimas debería de unir a todos os Grupos deste Parlamento.

Quinto.- Neste contexto a sociedade civil e política vense mobilizando para acadar os obxectivos de reparación, dignificación e democratización.



E tamén así o veñen facendo determinadas administracións públicas.

O pasado Pleno da Corporación Municipal de Sada, de 12 de agosto de 2017, adoptou o seguinte Acordo:

“1.- Apoio expreso do Pleno da Concello de Sada para, apoiando as solicitudes formuladas pola Alcaldía de Sada o pasado 31 de xullo e a do Concelleiro delegado de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente de xullo de 2015, instar á Xunta de Galicia a solicitude de que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que realice todas as actuacións tendentes a evitar e, no seu caso, non autorizar, que sexa a Fundación Nacional Francisco Franco quen xestione as visitas ao BIC Pazo de Meirás.

3.- Instar a Xunta de Galicia a que esixa aos propietarios que detentan o inmovible que cumpran co réxime de visitas ao BIC disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista en dita Lei para ditas infraccións.

4.- Demandar da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas aquelas actuacións encamiñadas a recuperar o Pazo de Meirás para a titularidade e uso públicos.

5.- Formalizar declaración institucional de condena expresa ante os comunicados emitidos pola Fundación Nacional Francisco Franco así como de apoio á memoria das vítimas do franquismo.

6.- Instar ás Cortes do Estado, Grupos Parlamentarios e do goberno do Estado ás iniciativas lexislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de



Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que como a Fundación Nacional Francisco Franco teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

7.- O Pleno da Corporación asume e comparte os acordos adoptados na sé da Deputación Provincial da Coruña en reunión celebrada o pasado día 9 de agosto de 2017, e que son os seguintes :

- 1.- Rexeitar a xestión por parte da Fundación Nacional Francisco Franco do programa de visitas ao Pazo de Meirás, apoiar a demanda do Concello de Sada de que sexa dita administración quen as xestione, e condenar as declaracións manifestadas a través dun comunicado e do seu portavoz de apoloxía do franquismo.
- 2.- Instar a modificación da Lei de Fundacións con obxecto de impedir a legalidade de fundacións que fagan apoloxía do franquismo.
- 3.- Realizar un estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre o proceso para posibilitar a súa devolución e incorporación ao patrimonio público.
- 4.- Reclamar a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica galega que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria historia.
- 5.-Constituír con carácter inmediato unha Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público coa participación de institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais e fundacións co fin de poñer fin á posesión da propiedade pola familia Franco e a súa



incorporación ao Patrimonio público. As institucións e entidades participantes, Deputación da Coruña, concellos da Coruña e Sada, Universidade da Coruña, IGM e CRMHC amosaron a súa intención de, previos os trámites preceptivos, se incorporar desde o inicio a dita Xunta.

8.- O Concello de Sada adhírese asínesmo a calquera outra iniciativa da sociedade civil tendente á incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

9.- O Concello de Sada acorda expresar a vontade corporativa contraria ao proceder da familia Franco, herdeira do ditador, e en relación coas obrigas derivadas da propiedade que detenta do BIC-Pazo de Meirás. E aos efectos de tal referencia e intereses municipais, e como expresión simbólica de rexeitamento de tal proceder, declárala "non grata".

10.- Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia, Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia e das Cortes do Estado, Deputación provincial e Grupos provinciais, así como ao goberno do Estado.”

Neste acordo, que expresa a vontade de trasladalo a este Parlamento, reúnen obxectivos polos que levan loitado durante anos organizacións sociais e políticas e a cidadanía activa.

Cremos que o Parlamento galego debe de dar un apoio unánime a dito acordo e instar á Xunta a impulsar aquelas medidas concretas que nel se recollen como un compromiso por profundar na democracia e coa memoria histórica democrática.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/08/2017 11:35**  
**Nº Rexistro: 14333**  
Data envío: 14/08/2017 11:35:37.201



“O Parlamento de Galicia acorda:

Primeiro.- Esta Cámara comparte e apoia o contido do acordo aprobado polo Pleno da Corporación municipal do Concello de Sada celebrado o pasado 12 de agosto.

Segundo.- Asumir como Cámara a vontade de acordar, promover ou demandar as iniciativas lexislativas ás que se fai referencia en dito acordo.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a que dentro das súas competencias administrativas execute o acordado en dito Pleno Municipal.”

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 14/08/2017 11:33:31**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/08/2017 11:33:39**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 14/08/2017 11:33:45**

**Carmen Santos Queiruga na data 14/08/2017 11:33:48**

**Antón Sánchez García na data 14/08/2017 11:33:51**

**Eva Solla Fernández na data 14/08/2017 11:33:53**

**Luca Chao Pérez na data 14/08/2017 11:33:57**

**Paula Quinteiro Araújo na data 14/08/2017 11:34:00**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/08/2017 11:35  
**Nº Rexistro: 14333**  
Data envío: 14/08/2017 11:35:37.201



**Magdalena Barahona Martín na data 14/08/2017 11:34:07**

**José Manuel Lago Peñas na data 14/08/2017 11:34:11**

**Francisco Casal Vidal na data 14/08/2017 11:34:14**

**David Rodríguez Estévez na data 14/08/2017 11:34:17**

**Marcos Cal Ogando na data 14/08/2017 11:34:20**

**Luis Villares Naveira na data 14/08/2017 11:34:44**



## (0016066) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/09/2017 18:18  
**Nº Rexistro: 16066**  
Data envío: 11/09/2017 18:18:29.060

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte Emenda á Proposición Non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea “Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia con respecto ao acordo do Concello de Sada en relación coa xestión que se está realizando do BIC-Pazo de Meirás”( 10/PNP-001172 (14333)).

### Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumíu no ano 1938”.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

### Asinado dixitalmente por:

**Pedro Puy Fraga na data 11/09/2017 18:18:19**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



